

Para financiar un proxecto empresarial e sobre todo ó principio precisamos capital. Temos polo tanto que buscar por diferentes medios o capital que precisamos para ir empezando.

O máis cercano son as fontes de **financiación propias** que se dividen en tres grandes grupos:

FONDOS PROPIOS:

Utilizar os propios recursos económicos. Se non cres na túa idea o suficiente como para investir nela, difícilmente alguen o fará: os inversores exixen compromiso e coherencia. É complicado confiar na idea de alguen que non ten apostado por ela cos seus propios recursos económicos.

3F (FRIENDS, FOOLS AND FAMILY):

FFF" son as siglas en inglés de friends, fools, family (Familiares, amigos, personas achegadas o emprendedor). Se trata dos inversores máis próximos ó emprendedor, o que supón un importante risco. Prima a relación persoal, case a fondo perdido, entre inversores e o emprendedor. O positivo é que non require grandes xustificacións, e ten moita flexibilidade en canto á forma de devolución. Sen embargo, soen ser de escasa cuantía, e estar limitados ó arranque. Pode ser útil para pequenos proxectos. Pros: Sen necesidade de grandes xustificacións. Moita flexibilidade en canto a prazos de devolución e retorno esperado polo inversor.

Contras: Normalmente, de escasa cuantía e limitados ao arranque. Non permiten proxeccións moi a longo prazo.

Tipo de proxecto: Proxectos pequenos liderados por emprendedores novos e inexpertos.

CROWDFUNDING:

consiste en obter ingresos dun grupo de persoas durante un tempo determinado , a través dunha plataforma en liña. Normalmente, os proxectos que se financian a través desta fonte unen ás persoas que invisten cunha causa simbólica que lles fai partícipes dela e a cantidade investida adoita ser bastante reducida, ao contrario que outros investimentos tradicionais. É unha fonte de financiamento que está de moda polo éxito que han cosechado diversos proxectos empresariais e polo alto número de persoas implicadas na actividade. Ata, algunhas actuacións de partidos políticos e iniciativas sociais teñense financiando a través de crowdfunding.

Visiona este vídeo e responde as preguntas que planteo abaixo para o cal abre un arquivo de texto coa copia das preguntas e as respostas a este mail antes do 25 de Marzo

<https://www.youtube.com/watch?v=kZSZtQr8M5U>

1. Que tipos de crowdfunding cita no vídeo?
2. Cita 6 exemplos de crowdfunding de recompensa que cite no vídeo.
3. No caso de Mujeres 3, un dos proxectos nos que fala no apartado de crowdfunding de recompensa, cantos mecenas e diñeiro recaudado leva no momento de grabar o vídeo? Que recompensas ten este proxecto?
4. En que consiste Verkami
5. No crowdfunding de inversión que datos temos que ter para investir?
6. Que exemplos aporta no que respecta ó crowdfunding de inversión?
7. En que consiste o crowdfunding de préstamo?
8. Que diferenza hai entre crowdfunding de inversión e de préstamo. Cal é máis seguro e por que ?
9. Busca no dicionario a palabra mecenas. No crowdfunding en xeral a quen mencionará.
10. Que famosa plataforma de préstamo fai préstamos ó terceiro mundo?
11. Que é o crowdfunding de donación? Que obtén a cambio a xente que invirte neste proxecto?
12. Que é o crowdfunding de donación a través de recompensa. Que exemplo aparece no vídeo?
13. Por último entra na plataforma de Verkami e escolle tres proxectos que te parezan interesantes e explícaos.